

Ortigueira

Unidade territorial da administración diocesana, denominada ata o século XII arciprestado de Arrós e, en adiante, de Ortigueira ou de Santa Marta. Incorporouse definitivamente á diocese en 1122 e foi a máis oriental das tres vigairías que compuxeron o extinto arcediagado de Trasancos. O seu territorio, que comprendía case unha trintena de parroquias, estendíase a fins do século XV polo dos actuais concellos coruñeses de Ortigueira, Cariño e Mañón.

O arciprestado mantívose como un dos 18 resultantes da reestruturación do territorio da diocese levada a cabo en 1855, e sobreviviu, con lixeiras alteracións do seu espazo, ás reformas habidas durante o século XX. Na última delas, promovida en 1988 polo bispo Gea Escolano, este arciprestado quedou conformado pola práctica totalidade das parroquias do concello de Ortigueira, tódalas freguesías do de Cariño e unha do de Mañón, polo que o seu espazo apenas se diferenciaba da demarcación existente cinco séculos antes.

En 2006, coa reforma das demarcacións diocesanas emprendida polo bispo Sánchez Monge, desapareceu o arciprestado de Ortigueira e as 26 parroquias que o compoñían integráronse no de Ortegá-As Pontes, arciprestado de nova creación.